

RESUMEN

I AS PAISAXES NATURAIS

Á paisaxe natural é o resultado final da interacción dos diferentes elementos do medio natural. Distinguimos 4 grandes áreas naturais en España: Área Oceánica, Área Mediterránea, Área de montaña e Área Macaronésica coas características climáticas, fluviais, vexetais e edáficas propias de cada unha.

II O HOME E O MEDIO

1 AS RELACIÓNS ENTRE O MARCO NATURAL E O HOME

O medio natural ofrece posibilidades e condiciona a vida dos homes aínda que o condicionamento perde importancia co desenvolvemento tecnolóxico.

1.1 O clima e as actividades humanas: o clima inflúe sobre as capacidades do home, sobre os transportes e a agricultura. O home pode atenuar influencia con regadíos, drenaxes, invernadoiros...

1.2 A vexetación e as actividades humanas: ten pouca capacidade de influencia. O home atenúa ampliando as áreas ecolóxicas de determinadas especies, roturando montes....

1.3 Os solos e as actividades humanas: as características físico-químicas dos solos poden condicionar a agricultura e a silvicultura. Para minimizar a incidencia empréganse distintos compoñentes químicos correctores.

1.4. As augas e as actividades humanas: a auga é un ben imprescindible, as demandas son crecentes e está desigualmente repartida.

a) Usos da auga:

- Agrario: consume o 80 %
- Urbano: consume o 14 %
- Enerxético: consume o 6 %

b) Xestión das augas: como a auga está moi mal repartida é necesario poñer enorme atención a:

- Infraestruturas hidráulicas:
 - Presas, redes de abastecemento, pozos e galerías, plantas de desalación.
- Planificación hidráulica:
 - Plans de Conca, Plan Nacional de Regadíos e Plan Hidrolóxico Nacional.
- Redución de consumo.

2 AS RELACIÓNS HOME MARCO NATURAL

A influencia do home no medio aumenta á vez que o progreso técnico. As principais accións contra a natureza son as seguintes:

2.1 Degradación: desaparición total ou parcial do medio físico (solos).

2.2 Sobreexplotación: uso dos recursos por riba da súa capacidade de rexeneración ou produción (deforestación).

2.3 Contaminación: Introducción de calquera contaminante que poda provocar un dano ou desequilibrio, reversible ou non, ao medio natural. Tipos:

a) Contaminación atmosférica: alteración do estado natural da atmosfera pola acción das actividades humanas.

- Efecto invernadoiro: concentración excesiva de gases invernadoiros que causa elevación da temperatura na terra e o cambio climático.
- Chuvia aceda: os óxidos de nitróxeno e os dióxidos de xofre na atmosfera reaccionan coa auga e será devoltos á terra en forma de ácido sulfúrico e de ácido nítrico, que son moi corrosivos.
- Burato da capa de ozono: os CFCs debilitan a capa de ozono, polo que a detención de radiacións ultravioletas será pouco eficaz.
- Campá de po: néboa fotoquímica que se forma nas cidades baixo condicións de estabilidade atmosférica.

- b) Contaminación das augas: actividades rurais, industriais ou urbanas contaminan as augas chegando a alterar as súas características físicas. Tamén poden provocar a eutrofización.
- c) Contaminación dos solos: a acumulación de residuos urbanos, industriais e agrícolas poden alterar o solo e chegar a facelo improdutivo.
- d) Contaminación acústica: un ruído elevado pode provocar insomnio, estrés, danos auditivos, xordeira...
- e) RSU: refugallos procedentes das casas e dos comercios contaminan directamente os solos e a paisaxe e indirectamente as augas e a atmosfera.

3 RISCOS NATURAIS

Procesos polos que distintos fenómenos ambientais poden ser danos para o home. Teñen dobre natureza:

3.1 Riscos de orixe xeolóxica:

- Terremotos: sacudidas violentas da terra. Liberan gran enerxía e provocan enormes danos.
- Volcáns: emisións de lavas ao exterior. A maior actividade dáse en Canarias.
- Movementos de ladeira: caída ou esvaramento de materiais polas vertentes.

3.2 Riscos de orixe climática:

- Tormentas de saraiba e tormentas de aparello eléctrico.
- Vagas de frío e vagas de calor.
- Temporais de vento.
- Inundacións e secas.

Para minimizar riscos xa é posible adoptar certas medidas de previsión.

III OS ESPACIOS PROTEXIDOS E POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL

Para poder manter un espazo natural axeitado no futuro, establécense dúas medidas diferentes

1.- OS ESPACIOS PROTEXIDOS

- 1.1. Parques Nacionais: espazos naturais de alto valor ecolóxico e cultural. Son espazos moi pouco transformados pola man do home e neles prima a conservación sobre a explotación económica. Son de responsabilidade exclusiva das Comunidades Autónomas.
- 1.2. Parques Naturais: territorios nos que se procura combinar os aproveitamentos tradicionais coa conservación dos recursos naturais.
- 1.3. Reservas Naturais: créanse para protexer ecosistemas que pola súa rareza ou importancia merecen unha protección especial.
- 1.4. Monumentos Naturais: espazos singulares pola súa rareza ou beleza que merecen protección especial (por exemplo unha árbore).
- 1.5. Paisaxes Protexidas: lugares que por valores estéticos e/ou culturais son merecedores de especial protección.

(Por outra banda, dicir que as CC.AA., baseándose na súa capacidade lexisladora, poden crear outras formas de conservación: (En Galicia as competencias son Consellería de Medio Ambiente: espazos naturais de interese local e espazos privados de interese natural).

Ademais das citadas para o ámbito español, existen outras dúas figuras de protección de ámbito internacional: unha mundial (RESERVA DA BIOSFERA) e unha europea (REDE NATURA 2000).

- a) Reserva da biosfera: territorios seleccionados pola UNESCO. Esta figura de conservación non só inclúe a protección de elementos naturais, senón tamén as formas tradicionais, e sostibles, de explotación de recursos.

- b) Rede Natura 2000: ten como finalidade a protección da biodiversidade en Europa. O marco regulamentario desta Rede Natura 2000 parte das Directivas de Hábitats e a de Aves. Os espazos que propón son os LIC: Lugares de Importancia Comunitaria (que logo se declararán ZEC: Zonas de Especial Conservación) e as ZEPAS: Zonas de Especial Protección para as Aves. En España hai 1434 LICs e 562 ZEPAS.

2.- A POLÍTICA MEDIOAMBIENTAL

2.1. Diagnóstico da sostenibilidade ambiental en España: España debe camiñar cara o desenvolvemento sostible, para tentar acadar esto, plantéxase a Estratexia Española de Desenvolvemento Sostible (EEDS.) Todas as accións da EEDS, para acadar os seus obxectivos, levaranse a cabo coa colaboración das CC. AA. e os concellos.

2.2. Retos e obxectivos da sostenibilidade ambiental: Para acadar un crecemento sostible debemos:

- a) Satisfacer as nosas necesidades sen poñer en perigo a capacidade de rexeneración de recursos.
- b) Mellorar a conservación e a xestión dos recursos naturais.
- c) Potenciar a Investigación, Desenvolvemento e a Innovación (I+D+i). Para isto, e seguindo os principios inversores da UE, en España realizaranse fortes investimentos en I+D+i.
- d) Fomentar a educación mediambiental dende as idades máis temperás para que os cidadáns tomen conciencia da importancia do medio natural e da necesidade da súa conservación.

En Galicia destacan o Plan de Xestión de Residuos Sólidos Urbanos e o Plan de Ordenación do Litoral.